



I.E.S. RIBEIRA DO LOURO
Ribeira s/n – Torneiros 36410 O Porriño
TEL: 986 33 39 56 FAX: 986 33 37 84
@: ies.ribeira.louro@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/iesribeiralouro

PROGRAMA ERASMUS+ PRACTICUM DEPO

ALUMN@S

CURSO 2023/24

A QUEN SE DIRIXE ESTE PROGRAMA?

Este programa, coordinado pola Deputación de Pontevedra e o IES Ribeira do Louro, vai dirixido nomeadamente aos alumnos e alumnas que se atopen matriculados no segundo curso de calquer Ciclo Básico ou Ciclo Medio dos ofertados no Instituto Ribeira do Louro.

QUÉ TIPO DE MOBILIDADES SE OFERTAN?

As mobilidades ofrecidas ao alumnado son de carácter laboral (non de estudos), polo tanto os estudantes teñen a posibilidade de realizar prácticas laborais nunha empresa ou institución dun país europeo ou asociado, unha vez teñan obtido a súa titulación.

CAL É A DURACIÓN DAS MOBILIDADES?

En principio, a duración estimada das prácticas será duns 6 meses en total. Cabe sinalar que os estudantes seleccionados disporían dos 12 meses seguintes á ter obtido a súa titulación para realizar a mobilidade.

EN QUÉ PAÍSES PODO REALIZAR AS MOBILIDADES E QUÉ NIVEL DE IDIOMA DEBERÍA TER?

Para garantir o éxito do programa é importante que o alumno/a teña unha competencia mínima na lingua propia do país de destino que escolla, ou, de non ser o caso, posúa un nivel adecuado noutro idioma que lle facilite as interaccións sociais e laborais. Así en función de cal sexa o caso recoméndanse o seguinte:

PAÍS DE DESTINO	COÑECEMENTO DE IDIOMAS
IRLANDA	Inglés - Nivel Medio
MALTA	Inglés - Nivel Baixo
PORTUGAL	Portugués - Nivel Baixo Galego - Nativo Castelán - Nativo
ITALIA	Italiano- Nivel Baixo Castelán - Nativo Inglés - Nivel Baixo

VOU RECIBIR ALGUNHA AXUDA ECONÓMICA PARA REALIZAR A MOBILIDADE?

Sí, cada participante recibe dúas axudas:

- Unha axuda de apoio individual destinada a cubrir os gastos de aloxamento e mantemento, seguro e transportes locais.
- Unha axuda para os gastos de viaxe, para o desprazamiento de ida e volta entre a cidade de orixe e a de destino.

Hai que ter en conta que estas axudas pode non cubrir tódolos gastos nos que incurran as persoas participantes. En calquera caso a Deputación de Pontevedra comprométese a que o estudante reciba o 90 % do importe total das axudas de mobilidade non máis tarde da data de inicio do período de mobilidade ou tras a recepción da confirmación da chegada ao país de destino.

ADEMÁS DA AXUDA ECONÓMICA VOU RECIBIR ALGÚN TIPO DE APOIO PARA REALIZAR A MOBILIDADE?

Sí, a Deputación de Pontevedra comprométese a proporcionar a empresa ou institución na que o estudante realizará as prácticas e ademais a brindar apoio loxístico aos alumnos e alumnas na procura de aloxamento e opcións de viaxe/transporte.

Ademais cabe sinalar que este organismo público dispón de persoal de apoio local nos propios países de destino para dar soporte aos estudantes durante toda a súa mobilidade.

DURANTE A MOBILIDADE VOU TER QUE CUMPRIR ALGÚN TIPO DE OBRIGA?

Sí, os estudantes que efectivamente participen nunha mobilidade deberán cumprir cunha serie de obrigas antes durante a despois da mobilidade. De feito si algún participante incumpre o establecido se lle poderá exixir o reembolso total ou parcial da axuda recibida. Para máis información a este respecto pódese consultar a web da Deputación de Pontevedra <https://www.depo.gal/es/-/practicum-depo>

CANTAS PRAZAS DE MOBILIDADES EUROPEAS SE OFRECEN NESTA CONVOCATORIA?

Nesta convocatoria ao noso instituto lle foron asignadas DÚAS PRAZAS para mobilidades europeas, con posibilidade de ampliación según dispoñibilidade.

COMO SE SELECCIONAN OS ESTUDANTES PARA AS MOBILIDADES?

En primeiro lugar os alumnos interesados que encaixen no perfil citado ao comezo do documento serán valorados en base ao seguinte baremo de méritos e serán ordeados de maior á menor puntuación obtida nunha LISTAXE DE ALUMNOS SELECCIONADOS e nunha LISTAXE DE ALUMNOS SUPLENTES:

<p>ASISTENCIA ÁS CLASES LECTIVAS E CONDUCTA</p>	<p>1 PUNTO</p>	<p>ATA 1 PUNTO</p> <p>Rexistros do centro educativo relativos á asistencia e faltas de conduta::</p> <table border="1"> <tbody> <tr> <td>Asistencia a máis do 90 % das clases lectivas</td> <td>0,5 puntos</td> </tr> <tr> <td>Asistencia a menos do 90 % das clases lectivas</td> <td>0 puntos</td> </tr> <tr> <td>Ausencia de faltas de conduta</td> <td>0,5 puntos</td> </tr> <tr> <td>Existencia dalgunha falta de conduta</td> <td>0 puntos</td> </tr> </tbody> </table>	Asistencia a máis do 90 % das clases lectivas	0,5 puntos	Asistencia a menos do 90 % das clases lectivas	0 puntos	Ausencia de faltas de conduta	0,5 puntos	Existencia dalgunha falta de conduta	0 puntos							
Asistencia a máis do 90 % das clases lectivas	0,5 puntos																
Asistencia a menos do 90 % das clases lectivas	0 puntos																
Ausencia de faltas de conduta	0,5 puntos																
Existencia dalgunha falta de conduta	0 puntos																
<p>EXPEDIENTE ACADÉMICO</p>	<p>2 PUNTOS</p>	<p>ATA 2 PUNTOS</p> <p>Rexistros do centro educativo relativos á media aritmética das cualificacións obtidas dos cursos finalizados (non se terán en conta as cualificacións validadas):</p> <table border="1"> <thead> <tr> <th>Puntuación numérica</th> <th>Puntuación non numérica</th> <th>Baremo</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Do 5 ao 5,99</td> <td>Aprobado</td> <td>0,5 puntos</td> </tr> <tr> <td>Do 6 ao 6,99</td> <td>Aprobado</td> <td>1 punto</td> </tr> <tr> <td>Do 7 ao 8,99</td> <td>Notable</td> <td>1,5 puntos</td> </tr> <tr> <td>Do 9 ao 10</td> <td>Sobresaínte</td> <td>2 puntos</td> </tr> </tbody> </table>	Puntuación numérica	Puntuación non numérica	Baremo	Do 5 ao 5,99	Aprobado	0,5 puntos	Do 6 ao 6,99	Aprobado	1 punto	Do 7 ao 8,99	Notable	1,5 puntos	Do 9 ao 10	Sobresaínte	2 puntos
Puntuación numérica	Puntuación non numérica	Baremo															
Do 5 ao 5,99	Aprobado	0,5 puntos															
Do 6 ao 6,99	Aprobado	1 punto															
Do 7 ao 8,99	Notable	1,5 puntos															
Do 9 ao 10	Sobresaínte	2 puntos															

<p>COÑECEMENTO DE IDIOMAS</p>	<p>2 PUNTOS</p>	<p>ATA 2 PUNTOS</p> <p>Polas titulacións de inglés aportadas polo estudante (Certificado da Escola Oficial de Idiomas ou equivalente legalmente homologado):</p> <table border="1" data-bbox="834 427 1142 624"> <tr> <td>A1</td> <td>0 puntos</td> </tr> <tr> <td>A2</td> <td>0,5 puntos</td> </tr> <tr> <td>B1</td> <td>1 punto</td> </tr> <tr> <td>B2</td> <td>1,5 puntos</td> </tr> <tr> <td>C1 ou C2</td> <td>2 puntos</td> </tr> </table> <p>ATA 1 PUNTO</p> <p>Pola realización dunha proba de nivel oral de inglés por parte do estudante cun integrante do equipo de linguas do centro.</p> <p>ATA 2 PUNTOS</p> <p>Polas titulacións doutro idioma distinto do inglés aportadas polo estudante (Certificado da Escola Oficial de Idiomas ou equivalente legalmente homologado):</p> <table border="1" data-bbox="772 960 1174 1041"> <tr> <td>A2</td> <td>1 punto</td> </tr> <tr> <td>B1, B2, C1, C2</td> <td>2 puntos</td> </tr> </table>	A1	0 puntos	A2	0,5 puntos	B1	1 punto	B2	1,5 puntos	C1 ou C2	2 puntos	A2	1 punto	B1, B2, C1, C2	2 puntos
A1	0 puntos															
A2	0,5 puntos															
B1	1 punto															
B2	1,5 puntos															
C1 ou C2	2 puntos															
A2	1 punto															
B1, B2, C1, C2	2 puntos															
<p>MÉRITOS</p>	<p>1 PUNTO</p>	<p>ATA 1 PUNTO</p> <p>Por cada título de Formación Profesional de grao básico, grao medio e cursos que conduzan á obtención de Certificados de Profesionalidade dos niveis I, II e III diferentes ao que lle dea acceso á mobilidade.</p>														
<p>ENTREVISTA PERSOAL</p>	<p>2 PUNTOS</p>	<p>ATA 2 PUNTOS</p> <p>Pola realización por parte do estudante dunha entrevista persoal na que se valorarán as habilidades comunicativas e sociais suficientes para desenvolverse en contornos distintos aos habituais, a motivación, a autonomía, a madurez, o compromiso co programa, a responsabilidade, ou a iniciativa, entre outras. Tamén se valorará a acreditación de pertenza a calquera tipo de ONG ou a participación en programas de voluntariado.</p>														
<p>TIPOLOXÍA DE ALUMNADO</p>	<p>2 PUNTOS</p>	<p>ATA 2 PUNTOS</p> <p>Valorarase con 2 puntos a pertenza ao colectivo considerado como persoa con menos oportunidades. Os obstáculos que dificultan a participación no programa Erasmus+ denomínanse factores de exclusión, e atendendo ás directrices do programa, concrépanse nos seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Discapacidades: deficiencias físicas, mentais, intelectuais ou sensoriais • Problemas de saúde: enfermidades graves, doenzas crónicas ou calquera outra situación relacionada coa saúde física ou mental que impida a participación no programa. • Diferenzas culturais: persoas de orixe inmigrante ou refuxiado —sobre todo se son inmigrantes recentemente chegados—, as persoas pertencentes a minorías étnicas ou nacionais, os usuarios de linguas de signos, as persoas con dificultades de adaptación lingüística ou inclusión cultural. 														

		<ul style="list-style-type: none"> • Obstáculos sociais: ter un fillo (especialmente no caso das familias monoparentais); ser un cuidador, o principal sostén económico da familia ou orfo, ou ben vivir ou ter vivido nunha institución asistencial. • Obstáculos económicos: persoas con baixo nivel de vida, con ingresos reducidos ou dependentes da asistencia social, os estudantes que teñen que traballar para manterse, as persoas en situación precaria, de pobreza ou de desemprego de longa duración, as persoas sen fogar, con débedas ou problemas financeiros. • Obstáculos vencellados á discriminación: discriminación relacionada co xénero (identidade de xénero, expresión de xénero, etc.), a idade, a orixe étnica, a relixión, as crenzas ou unha combinación de dous ou máis dos obstáculos mencionados neste apartado. • Obstáculos xeográficos: vivir en zonas afastadas ou rurais, en illas pequenas ou en rexións periféricas/ultra-periféricas, en suburbios urbanos, en zonas con menos servizos (transporte público limitado, instalacións deficientes) ou en zonas menos desenvolvidas de terceiros países, etc., pode constituír un obstáculo. Atendendo á Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural, considérase municipio rural de pequeno tamaño aquel posúa unha poboación inferior a 5.000 habitantes e estea integrado no medio rural. Eurostat define municipio escasamente poboado aquel cunha densidade inferior a 100 hab./km².
PUNTUACIÓN MÁXIMA	10 PUNTOS	

En segundo lugar, no momento de organizar as mobilidades comprobarase se os alumnos seleccionados ou suplentes (se procede) están en disposición de cumprir cos seguintes requisitos básicos para poder participar nas mesmas:

1. Ser maior de 18 anos.
2. Ter a súa residencia en España.
3. Ter sido seleccionado para participar nunha mobilidade durante durante o último curso académico da súa formación.
4. Ter obtido unha titulación de Ciclo Básico ou Ciclo Medio de Formación Profesional nun centro educativo que sexa socio do PROXECTO PRACTICUM DEPO.
5. Estar en disposición de iniciar e finalizar a mobilidade durante os 12 meses posteriores á data da súa titulación (data da firma das actas de avaliación).

QUÉ DEBEN FACER OS ESTUDANTES PARA TRAMITAR A SÚA SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NUNHA MOBILIDADE?

Os estudantes que estean interesados en participar nunha mobilidade deberán cumprimentar o documento relativo á “SOLICITUDE ERASMUS PRACTICUM DEPO” e envialo ao seguinte enderezo ies.ribeira.louro@edu.xunta.gal entre o **15 E O 28 DE ABRIL DE 2024** (ambos inclusive). É importante que no ASUNTO do correo se indique o seguinte texto “SOLICITUDE ERASMUS PRACTICUM DEPO NOME APELIDOS” (Ex. SOLICITUDE ERASMUS PRACTICUM DEPO UXIA SILVA LOUREIRO).

Tódalas solicitudes recibidas serán tramitadas dacordo ao seguinte **CALENDARIO**:

ABRIL 2024						
L	M	X	J	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

MAIO 2024						
L	M	X	J	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

15 Abril - 28 Abril: Envío de solicitudes ao correo electrónico ies.ribeira.louro@edu.xunta.gal

29 Abril: Publicación do listado provisional de solicitudes no taboleiro físico do instituto.

30 Abril - 5 Maio: Envío de reclamacións ao listado provisional de solicitudes ao correo electrónico ies.ribeira.louro@edu.xunta.gal

6 Maio: Publicación do listado definitivo de solicitudes no taboleiro físico do instituto.

7 Maio - 12 Maio: Envío da documentación ligada aos méritos e realización das probas de selección.

13 Maio: Publicación do baremo provisional dos candidatos no taboleiro físico do instituto.

14 Maio - 19 Maio: Envío de reclamacións ao baremo provisional de candidatos ao correo electrónico ies.ribeira.louro@edu.xunta.gal

20 Maio: Publicación do baremo definitivo dos candidatos e do LISTADO DE ADMITIDOS e LISTADO DE SUPLENTEs no taboleiro físico do instituto.